

Proxecto de Campamento Urbano 2013
Asociación xuvenil "Centro Xuvenil Don Bosco"
Santiago de Compostela

Do 1 ó 14 de Agosto de 2013

SOMOS CIDADÁNS DE COMPOSTELA

A Asociación xuvenil "Centro Xuvenil Don Bosco" é unha asociación pioneira no traballo con nenos e nenas dende o tempo libre dende fai máis de 25 anos, e pensamos que suficientemente coñecida na nosa cidade.

Como froito da súa reflexión sobre o lecer especialmente na cidade e para os rapaces naceu a proposta do Campamento urbano, que iniciouse no ano 1987. Esta actividade tomou vida propia e partindo dende a experiencia de Compostela viaxou a outros puntos de Galicia e de España, organizado co mesmo nome por asociacións, concellos e todo tipo de entidades. Este éxito baséase na súa orixinalidade e especialmente no seu acerto á hora de satisfacer necesidades da comunidade e o aproveitamento de recursos existentes.

A proposta educativa do Campamento urbano pódese sintetizar nos seguintes puntos:

- E unha proposta para o Tempo libre na CIDADE. A unión campamento-ciudad, non é unha contradicción, vivir a cidade como un campamento convirte a esta nunha realidade viva, próxima, nosa...
- E unha experiencia ABERTA. Aberta a todas as rúas e espazos da cidade, a nenas e nenos, a novas ideas e actividades, ás empresas, teatros, medios de comunicación, institucións,...
- E unha experiencia LIBRE, na que o neno ou nena pode acudir os días que quere ou pode, entrar ou saír o seu gusto, escoller a actividade que máis lle apeteza. En definitiva, sentirse protagonista do seu campamento.
- E unha experiencia GRATUÍTA, un xeito de vivir a cidade e poder participar plenamente dela sen pagar facturas. Tamén unha forma de ser voluntario/a.
- E un comezo, un punto intermedio, un punto e seguido,... pero nunca un remate. O campamento urbano entróncanse nunha acción máis global e incide nunha dimensión que implica ás persoas en proxectos de futuro, con CONTINUIDADE.

Obxectivos do Campamento urbano:

- redescubrir as múltiples posibilidades que oferta a cidade para divertirse e relacionarse.
- potenciar o uso e disfrute diario das oportunidades e instalacións que nos oferta a cidade durante todo o ano.
- sentirse e ser protagonistas na propia cidade e a vista de todos.
- concienciar a institucións, empresas, cidadáns,... da importancia da animación sociocultural na cidade.
- favorecer a integración de diferentes colectivos marxinais dentro da poboación infantil da cidade.
- favorecer o asociacionismo xuvenil.
- aprender a estar xuntos e convivir dentro da mesma cidade.
- fomentar a adquisición de valores humanos como a Paz, Solidariedade, a Gratuídade, respecto ó Medio Ambiente,...

O horario normal da actividade é de 10 á 13,30 e polas tardes de 16,00 a 20,00, aínda que haberá horarios diferentes dependendo da actividade.

O campamento realízase nas instalacións do Centro Don Bosco na Rúa Belvís 2, de Santiago de Compostela, como norma xeral, pero moitas das actividades da mañá teñen como protagonistas outras rúas e zonas da cidade.

o campamento urbano do 2013

SOMOS CIDADÁNS DE COMPOSTELA

Neste ano ademáis temos como obxectivo da programación do campamento urbano incidir no orgullo de sentirse cidadáns dunha gran cidade, cidadáns de Compostela. Cada un dos días intenta incidir nunha das dimensións da cidade. Pero dende o punto de vista dos rapaces e rapazas, deixándo claro que son cidadáns de pleno dereito.

Cada un dos días vai ter como como tema central unha das letras da palabra COMPOSTELA, intentando reflexar a realidade da cidade. A vez se lle otorga a cada rapaz e rapaza a letra do día para completar a seguinte frase:

Somos cidadáns de C O M P O S T E L A,
dez letras para dez días

C de cidade de concello e de catedral

O de ondas do mar

M de mercado

P de persoas de pobo

O de outros

S de sons

T de teatro

E de excursión e de ecoloxía

L de libros

A de adeus. e ata logo